

A análise da situación da saúde en Galicia, a partir dos datos facilitados pola Dirección Xeral de Saúde Pública, o INE, o IGE, a Enquisa de Saúde de Galicia 1997, Eurostat, a Dirección Xeral de Tráfico, o Ministerio de Trabajo y Seguridad Social e o Sergas, basearase no estudo dos principais indicadores da mesma, como son a **morbilidade**, a **mortalidade** e a **siniestralidade**.

A Xunta de Galicia aplica unha serie de medidas ou programas destinados á protección e promoción da saúde, tal e como se recolle no **cadro 6.2.1.** En 1998 adicáronse un total de 2.514,6 millóns de pesetas, un 0,8% máis que o adicado o ano anterior, sendo as dúas primeiras partidas as de vacinacións e a da loita contra as drogodependencias.

Morbilidade

As principais fontes de información sobre morbilidade son o rexistro de **Enfermidades de Declaración Obligatoria (EDO)**, a Enquisa de Morbilidade

Hospitalaria e a Enquisa Nacional de Saúde.

Polo que respecta ás EDO, en Galicia desde o primeiro de xaneiro de 1997 hai unha nova relación de enfermidades de declaración obligatoria. Os cambios débense á creación da rede española de vixilancia epidemiolóxica e ó proceso de reforma que, no mesmo sentido, se está desenvolvendo na comunidade autónoma, en relación co recoñecemento de novos problemas, o esforzo por aumentala especificidade dos procesos declarados e o desexo de delimitala lista de aquelas enfermidades vencelladas a un obxectivo de control específico.

No ano 1997 a incidencia da **gripe** experimentou un aumento importante que veu a alterar outro de menor intensidade xa observado desde hai unhas temporadas. Este cambio na intensidade do crecemento pode encerrar tanto un verdadeiro aumento ou un cambio metodolóxico debido á reordenación da lista das EDO, como unhas fluctuacións aleatorias que son representativas da incidencia da enfermidade.

CADRO 6.2.1.

**Proxecto de investimentos da Consellería de Sanidade
do Programa de protección e promoción da saúde 1997-98**

| | (en miles de pesetas) | | (%) |
|---|-----------------------|------------------|-------------|
| | 1997 | 1998 | |
| Loita contra as drogodependencias | 564.820 | 565.000 | 0,03 |
| Coordinación de saúde pública | 25.000 | 31.500 | 26,00 |
| Actuación sobre factores psicosociais e hábitos de vida | 73.600 | 85.732 | 16,48 |
| Actuación sobre factores medioambientais xerais | 150.965 | | |
| Saúde escolar, laboral e do ocio | 88.883 | | |
| Prevenção de enfermidades transmisibles | 126.100 | 148.455 | 17,73 |
| Detección precoz do cancro de mama | 248.200 | 244.810 | -1,37 |
| Prevenção individualizada | 21.560 | 23.681 | 9,84 |
| Vacinacións | 708.361 | 708.851 | 0,07 |
| Sistemas de información de saúde pública | 73.782 | 83.438 | 13,09 |
| Inspección e laboratorio saúde pública | 184.526 | 184.627 | 0,05 |
| Programas sanitarios | 229.338 | 206.420 | -9,99 |
| Control de riscos específicos | | 90.248 | |
| Control de industrias e alimentos | -- | 141.864 | |
| Total | 2.495.135 | 2.514.626 | 0,78 |

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

CADRO 6.2.2.

Enfermidades de declaración obrigatoria 1997-98

| | 1997 | | | 1998 (1) | | |
|----------------------------|---------|-------------------------|---------|----------|-------------------------|---------|
| | casos | taxa / 100.000 habs. | ieac(2) | casos | taxa / 100.000 habs. | ieac(2) |
| Gripe | 202.727 | 7.514,2 | 1,53 | 127.394 | 4.686,6 | 1,58 |
| Tuberculose respiratoria | 1.418 | 52,6 | 1,10 | 871 | 32,0 | 1,08 |
| Meninxite tuberculosa | 38 | 1,5 | - | 15 | 0,6 | - |
| Meninxites víricas | 268 | 9,9 | - | 63 | 2,3 | - |
| Enf. meningocócica | 281 | 10,4 | 3,12 | 81 | 3,0 | 1,37 |
| Enf. invasiva por Hib. | 5 | 0,2 | - | 2 | 0,1 | - |
| Varicela | 16.651 | 617,2 | 1,31 | 6.914 | 254,4 | 0,70 |
| Sarampelo | 39 | 1,5 | 0,32 | 12 | 0,4 | 0,28 |
| Rubéola | 53 | 2,0 | 0,29 | 15 | 0,6 | 0,20 |
| Parotidite | 159 | 5,9 | 0,52 | 50 | 1,8 | 0,23 |
| Tose ferina | 19 | 0,7 | 1,58 | 7 | 0,3 | 1,17 |
| Toxinfeccións aliment. | 1.476 | 54,7 | 1,30 | 676 | 24,9 | 1,39 |
| F. tifoidea e paratifoidea | 64 | 2,4 | 0,58 | 33 | 1,2 | 0,83 |
| Hepatite A | 184 | 6,9 | 1,96 | 22 | 0,8 | 0,43 |
| Hepatite B | 96 | 3,6 | 0,73 | 88 | 3,2 | 1,31 |
| Outras hepat. víricas | 301 | 11,7 | 2,69 | 219 | 8,1 | 2,96 |
| Brucelose | 30 | 1,1 | 0,45 | 13 | 0,5 | 0,50 |
| Sífilis | 98 | 3,6 | 3,06 | 31 | 1,1 | 1,55 |
| Gonococia | 714 | 26,5 | 0,69 | 315 | 11,6 | 0,59 |
| Disentería bacilar | 7 | 0,3 | 0,88 | - | - | - |
| Tétano | 6 | 0,3 | 1,00 | - | - | - |
| Sífilis conxénita | 1 | - | - | - | - | - |
| F. exantemática med. | 4 | 0,2 | 2,00 | - | - | - |
| Paludismo | 8 | 0,4 | 0,80 | - | - | - |
| Lepra | 1 | - | 1,00 | - | - | - |

(1) datos ata o 20-07-1998

(2) índice epidémico acumulado

Fonte: Dirección Xeral de Saúde Pública

CADRO 6.2.3.

Casos e categorías de transmisión da Sida 1995-97

| | Casos | Hemoderiv. | Heterosex. | Homo./bisex. | UDVP |
|------|-------|------------|------------|--------------|------|
| 1995 | 291 | 2,1 | 22,5 | 9,8 | 65,6 |
| 1996 | 346 | 1,2 | 25,4 | 7,8 | 65,7 |
| 1997 | 247 | 2,2 | 26,4 | 6,5 | 64,9 |

Fonte: Dirección Xeral de Saúde Pública

CADRO 6.2.4.

Causas máis frecuentes das estadias en establecementos hospitalarios 1994

| | Galicia | | España | |
|---|---------|--------|---------|--------|
| | (%) | | | |
| | Galicia | España | Galicia | España |
| Trastornos mentais | 14,01 | 19,91 | | |
| Enf. do aparato circulatorio | 12,53 | 10,31 | | |
| Enf. doutras partes ap. dixestivo | 9,18 | 8,18 | | |
| Tumores malignos | 8,70 | 6,89 | | |
| Altas de ing. outras causas | 7,52 | 8,86 | | |
| Enf. do aparato respiratorio | 7,15 | 5,90 | | |
| Fracturas | 5,37 | 3,63 | | |
| Enf. sist. osteom. musc. e sist. conxuntivo | 5,36 | 4,37 | | |
| Sínt. signos e est. morb. mal def. | 4,89 | 4,94 | | |

Fonte: INE

En relación á gripe, no ano 1997, **cadro 6.2.2.**, notificáronse un total de 202.727 casos de gripe, o que significa unha taxa de 7.514 casos por cada 1.000 habitantes. No ano 1998, segundo os datos referidos ó 20 de xullo de 1998, en Galicia houbo un total de 127.394 casos de gripe, que representa unha taxa por cada 100.000 habitantes de 4.686,6.

A **varicela** é a segunda enfermidade máis importante en canto ó número de casos, con 6.914 casos ata xullo de 1998, presentando unha taxa de 254,4 casos por cada 100.000 habitantes. No ano anterior, a varicela presentou un total de 16.651 casos e 617,2 casos por cada 100.000 habitantes.

Os casos de **tuberculose respiratoria** notificados foron 1.418, atopáronse ó mesmo nivel que o ano anterior, establezando unha tendencia que viña crescendo desde principios dos anos oitenta. Decla-

ráronse tamén por primeira vez, xa que ata este ano non era EDO, 38 meninxites tuberculosas.


No ano 1998, a 20 de xullo de 1998, a tuberculose respiratoria presentou en Galicia houbo un total de 871 casos, que representa unha taxa por cada 100.000 habitantes de 32,0.

A **sida** constitúe un dos problemas máis importantes de saúde pública. Tal e como se reflicte no **cadro 6.2.3.**, no ano 1997 declaráronse en Galicia 247 casos, o que representa unha incidencia de 90,8 casos por millón de habitantes. O 64,9% pertencen á categoría de usuarios de drogas por vía parenteral (UDVP), o 26,4% á transmisión heterossexual, o 6,5% a varóns Homo/bisexuais e o 2,2% á transmisión por sangue ou hemoderivados.

A partir de dita información, pódese sinala-lo escaso peso relativo da transmi-

GRÁFICO 6.2.1.

Satisfacción cos medios sanitarios públicos existentes en Galicia



Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos da *Encuesta de salud 1997 (Mº de Sanidad y Consumo)*

CADRO 6.2.5.

Atribución de carencias ós medios sanitarios públicos de Galicia

| | |
|-----------------------|------|
| Organización | 52,9 |
| Calidades asistencial | 24,1 |
| Recursos | 18,0 |
| Información | 2,2 |
| Outras | 2,8 |

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos da *Encuesta de salud 1997 (Mº de Sanidad y Consumo)*

sión por medio de sangue ou hemoderivados, o aumento da transmisión heterossexual e o elevado número de casos transmitidos por UDVP. O grupo de varóns homo/bisexuais presenta pequenas oscilacións que tenden á baixa.

Segundo a **Enquisa de Morbilidad Hospitalaria** (INE, 1994) a distribución de estadías en Galicia, **cadro 6.2.4.**, foi moi similar á do conxunto do Estado. A diagnose definitiva que causou a maior parte das estadías en Galicia foron os trastornos mentais (14,01%), seguido das enfermidades do aparato circulatorio (12,53%) e dixestivo (9,18%). Comparando as distribucións de Galicia coa correspondente ó total nacional destaca a diferenza observada nas estadías ocasionadas

polos trastornos mentais, que representan en Galicia o 14,01% fronte ó 19,91% rexistrado en España.

Finalmente, a **Encuesta Nacional de Salud** realizada en 1997 é a cuarta aproximación global que realiza o “Ministerio de Sanidad y Consumo” tralas enquisas de 1987, 1993 e 1995, para coñece-lo estado de saúde percibido polos cidadáns.

A avaliación da calidade do servizo público, obtida a partir dunha enquisa que proporciona información sobre o grado de satisfacción coa utilización dos medios sanitarios públicos, **gráfico 6.2.1.**, reflicte que o 63,6% está satisfeito cos medios sanitarios públicos de Galicia, fronte a un 4,7% que non o está. Res-

CADRO 6.2.6.
Demandas de mellora no actual sistema sanitario en Galicia

| | |
|---------------------------|------|
| Ningunha | 9,2 |
| Reducir listas de espera | 27,9 |
| Aumenta-los recursos | 18,1 |
| Mellor trato os pacientes | 9,5 |
| Aumenta-la eficiencia | 6,7 |
| Libre elección de médico | 2,4 |
| Varias/outras | 26,2 |

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos da Encuesta de salud 1997 (M^o de Sanidad y Consumo)

CADRO 6.2.7.
GRD ⁽¹⁾ máis frecuentes nos hospitais do Sergas 1996-97

| | 1996 | | 1997 | |
|--|----------------------|---------------|----------------------|---------------|
| | % do total das altas | Estadía media | % do total das altas | Estadía media |
| Parto sen complicacións | 4,73 | 3,71 | 4,50 | 3,60 |
| Procedementos sobre cristalino con ou sen vitrectomía | 2,35 | 2,49 | 2,30 | 2,20 |
| Trastornos respiratorios excepto infeccións, bronquite, asma con cc. maior | 1,48 | 13,65 | 1,90 | 13,50 |
| Insuficiencia cardíaca e choque | 1,79 | 10,00 | 1,60 | 9,90 |
| Enfermidade pulmonar obstrutiva crónica | 1,64 | 10,69 | 1,60 | 10,30 |
| Reimplant. maior art. e membro extr. inferior sen infección | 1,60 | 17,78 | 1,60 | 16,10 |
| Pr. útero e anexos por ca. in situ e proceso non maligno sen cc. | 1,55 | 9,03 | 1,50 | 8,30 |
| Trastornos cerebrovasculares específicos excepto AIT | 1,29 | 15,57 | 1,30 | 14,60 |
| Parto con complicacións | | | 1,30 | 4,30 |
| Esofaxite, gastroenterite e tr. dixest. miscel. idade > 17 sen cc. | | | 1,20 | 6,10 |

(1) metodoloxía que inclúe a agrupación das altas en función da súa complexidade (GRD) e que constitúe o sistema de medición da actividade asistencial dos centros na área de hospitalización de agudos

Fonte: Sergas

pecto á atribución de carencias ós medios sanitarios públicos, **cadro 6.2.5.**, salientan os problemas de organización sobre os demais, seguido do problema de calidade asistencial. Finalmente, a enquisa sinala que a principal demanda de mellora establecida polos usuarios, **cadro 6.2.6.**, é a referida á redución das listas de espera.

O **cadro 6.2.7.** recolle unha agrupación das **altas en función da súa comple-**

xidade (GRD) que constitúe o sistema de medición da actividade asistencial dos centros na área de hospitalización de agudos. Ó igual que no ano 1997, os partos sen complicacións e os procedementos sobre cristalino con ou sen vitrectomía son os que presentan a maior porcentaxe do total das altas con 4,5% e 2,3%, respectivamente.

En relación á estadía media, catro destes diagnósticos presentan unha estadía

CADRO 6.2.8.

Mortalidade proporcional en 1995

| | número de casos | (%) |
|----------------------|-----------------|--------|
| Circulatorio | 11.606 | 41,06 |
| Tumores | 6.955 | 24,61 |
| Respiratorio | 3.085 | 10,91 |
| Causa externa | 1.467 | 5,19 |
| Dixectivo | 1.257 | 4,45 |
| Resto | 3.895 | 13,78 |
| Total | 28.265 | 100,00 |

Fonte: Dirección Xeral de Saúde Pública

CADRO 6.2.9.

Taxa ⁽¹⁾ de anos potenciais de vida perdidos 1995: distribución por sexos e causa

| Homes | | Mulleres | | Total | |
|---------------------------------|-----|--------------------------------------|-----|---------------------------------|-----|
| Trastorno mecanismo inmunidade | 5,9 | Tumor maligno mama da muller | 2,6 | Trastorno mecanismo inmunidade | 3,7 |
| Colisión vehículo motor NSP | 5,3 | Trastorno mecanismo inmunidade | 1,5 | Colisión vehículo motor NSP | 3,3 |
| Tumor maligno de tráquea/pulmón | 4,7 | Colisión vehículo motor NSP | 1,3 | Tumor maligno de tráquea/pulmón | 2,5 |
| Infarto agudo miocardio | 4,2 | Enfermidade hepática crónica/cirrose | 0,9 | Infarto agudo miocardio | 2,4 |
| Perda control vehículo motor | 3,7 | Tumor maligno anexos uterinos | 0,8 | Perda control vehículo motor | 2,2 |

(1) taxas por cada 1.000 habitantes

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos da Dirección Xeral de Saúde Pública

CADRO 6.2.10.

Esperanza de vida ó nacer ⁽¹⁾: distribución por sexo

(en anos)


| | Homes | Mulleres |
|-------------------|-------------|-------------|
| A Coruña | 73,6 | 81,5 |
| Lugo | 74,5 | 81,7 |
| Ourense | 75,2 | 82,1 |
| Pontevedra | 73,8 | 81,7 |
| Galicia | 74,1 | 81,7 |
| España | 74,4 | 81,6 |
| UE-15 | 74,0 | 80,5 |

(1) os datos correspondentes a Galicia son de 1995; os de España e a UE-15 corresponden a 1996

Fontes: Dirección Xeral de Saúde Pública e Eurostat

GRÁFICO 6.2.2.

Mortalidade infantil 1980-95



CADRO 6.2.11.

Casos MIPSE ⁽¹⁾ e diferenza en esperanza de vida ⁽²⁾ : comparación entre os períodos 1976-78 e 1990-92

| | Grupo de idade | Homes | Mulleres | Casos MIPSE | Diferencia en esperanza de vida | | | | | |
|--|------------------|-------|----------|-------------|---------------------------------|---------|----------|---------|---------|---------|
| | | | | | Homes | % | Mulleres | % | anos | % |
| Tuberculose | 5-64 | 1.011 | 263 | 1.274 | 0,2213 | 5,7330 | 0,0701 | 1,4667 | 0,1500 | 3,5192 |
| Cancro de colo de útero | 15-64 (mulleres) | | 311 | 311 | | | -0,0383 | -0,8014 | | |
| Cancro de corpo de útero e/ou parte non especificada | 15-64 (mulleres) | | 966 | 966 | | | 0,1184 | 2,4754 | | |
| Anemias carenciais | 0-64 | 10 | 13 | 23 | 0,0040 | 0,1037 | 0,0016 | 0,0344 | 0,0029 | 0,0685 |
| Enfermidade de Hodgkin | 5-64 | 188 | 83 | 271 | 0,0130 | 0,3374 | 0,0122 | 0,2552 | 0,0122 | 0,2869 |
| Diabete | 10-54 | 180 | 80 | 260 | 0,0169 | 0,4385 | 0,0281 | 0,5871 | 0,0214 | 0,5021 |
| Enfermidade reumática crónica do corazón | 5-44 | 103 | 88 | 191 | 0,2025 | 5,2474 | 0,3382 | 8,4645 | 0,2715 | 6,3671 |
| Enfermidades respiratorias | 1-14 | 122 | 98 | 220 | 0,4708 | 12,1963 | 0,6631 | 13,8663 | 0,5623 | 13,1885 |
| Asma | 5-44 | 24 | 36 | 60 | 0,0655 | 1,6971 | 0,0229 | 0,4788 | 0,0456 | 1,0697 |
| Apendicite | 5-64 | 25 | 21 | 46 | 0,0106 | 0,2756 | 0,0128 | 0,2678 | 0,0117 | 0,2753 |
| Hernias abdominais | 5-64 | 29 | 27 | 56 | 0,0173 | 0,4487 | 0,0139 | 0,2908 | 0,0159 | 0,3721 |
| Colecistite e coleditiase | 5-64 | 44 | 39 | 83 | 0,0035 | 0,0898 | 0,0035 | 0,0723 | 0,0033 | 0,0780 |
| Enfermidades hipertensivas e cerebrovasculares | 35-64 | 3.965 | 3.017 | 6.982 | 0,8456 | 21,9083 | 1,3080 | 27,3530 | 1,0783 | 25,2902 |
| Mortalidade materna | Todas (mulleres) | | 51 | 51 | | | 0,0155 | 0,3237 | | |
| Enfermidades vacinables | 0-64 | 47 | 67 | 114 | 0,0179 | 0,4627 | 0,0308 | 0,6445 | 0,0241 | 0,5648 |
| Outras enfermidades infecciosas | 1-54 | 565 | 405 | 970 | 0,2815 | 7,2929 | 0,2558 | 5,3494 | 0,2695 | 6,3197 |
| Cancro de pulmón, tráquea e bronquios | 15-64 | 4.829 | 600 | 5.429 | -0,2030 | -5,2593 | -0,0059 | -0,1227 | -0,1231 | -2,8870 |
| Cirrose | 15-74 | 6.255 | 2.591 | 8.846 | 0,1854 | 4,8036 | 0,0944 | 1,9738 | 0,1384 | 3,2463 |
| Neumoconiosis e outras enfermidades por inhalación | 5-64 | 230 | 28 | 258 | 0,0104 | 0,2684 | -0,0128 | -0,2681 | -0,0010 | -0,0229 |
| Accidentes de vehículos a motor | Todos | 8.351 | 2.852 | 11.203 | -0,0044 | -0,1150 | 0,0321 | 0,6717 | 0,0069 | 0,1615 |

(1) MIPSE: mortalidade innecesariamente prematura e sanitariamente evitable
(2) poboación de referencia: Censo 1991

Fonte: Dirección Xeral de Saúde Pública

media particularmente elevada, aínda que descende nos catro grupos con respecto ó ano anterior.

Mortalidade

A distribución porcentual da mortalidade por causas no ano 1995 foi moi similar á do resto dos países desenvolvidos, ocupando as enfermidades cardiovasculares, os tumores e as enfermidades do aparato respiratorio os tres primeiros lugares. (cadro 6.2.8.)

As taxas de mortalidade brutas e específicas por causas valoran tódalas mortes nas mesmas condicións, sen ter en conta a idade á que esta se produce. Esta consideración, especialmente relevante desde o punto de vista sanitario, pódese valorar axeitadamente a través dos anos potenciais de vida perdidos (APVP), como unha medida que informa tanto da importancia cuantitativa (número) como cualitativa (idade de presentación) das mortes ocorridas. (cadro 6.2.9.)

A mortalidade por grupos de idade permite obter un dos mellores indicadores globais de saúde dunha poboación como é a **esperanza de vida**. Informa do número medio de anos que lle restarían por vivir a unha persona si se mantivesen as actuais taxas de mortalidade por grupos de idade. Na nosa comunidade autónoma este indicador é de 74,1 anos nos homes e de 81,7 nas mulleres, por riba da media da Europa dos quince (en 1996), tal e como amosa o **cadro 6.2.10.**

A **mortalidade infantil** considérase de maneira clásica como un dos mellores indicadores do estado sanitario dun país e do nivel de saúde da súa poboación. No **gráfico 6.2.2.**, recóllese a súa evolución nos últimos anos, na que se pode observar como de taxas de mortalidade infantil de 14,1 por mil en 1980 pasamos a 5,6 en 1995 reflectindo con elo a mellora observada nas condicións socio-sanitarias neste período.

O coñecemento baseado na **cuantifi-**

CADRO 6.2.12.

Sinistralidade de tráfico 1997-98 ⁽¹⁾

| | Accidentes con vítimas | | | | Vítimas | | | | |
|----------------|------------------------|-------|--------|---------|---------|---------|---------|---------|-------|
| | 1997 | Total | 1998 | Mortais | 1997 | Total | 1998 | Finados | |
| Galicia | 5.648 | | 5.946 | 436 | 405 | 9.190 | 9.505 | 575 | 546 |
| A Coruña | 1.909 | | 2.314 | 132 | 146 | 3.104 | 3.550 | 179 | 202 |
| Lugo | 963 | | 1.034 | 108 | 72 | 1.644 | 1.820 | 141 | 98 |
| Ourense | 788 | | 687 | 67 | 42 | 1.266 | 1.078 | 84 | 49 |
| Pontevedra | 1.988 | | 1.911 | 129 | 145 | 3.176 | 3.057 | 171 | 197 |
| España | 86.067 | | 85.147 | 4.062 | 3.768 | 130.851 | 127.435 | 5.604 | 5.225 |

(1) ata 30-11-1998

Fonte: Dirección General de Tráfico

CADRO 6.2.13.

Accidentes laborais con baixa 1997-98

| | 1997 | 1998 |
|----------------|---------|---------|
| Galicia | 32.895 | 36.612 |
| A Coruña | 12.771 | 14.005 |
| Lugo | 3.660 | 3.956 |
| Ourense | 3.333 | 3.437 |
| Pontevedra | 13.131 | 15.214 |
| España | 676.644 | 752.882 |

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

cación dinámica da mortalidade evitable é importante á hora de avalia-la actividade asistencial dos servizos sanitarios e as actividades de promoción da saúde pública. Asimesmo, acompañado doutra información complementaria, é un indicador útil para identifica-las prioridades da administración sanitaria.

O método analítico seguido á hora de elabora-la información do **cadro 6.2.11.** está especialmente indicado á hora de detectar e cuantificar cales son as causas, relacionadas con grupos de idade e sexo, que inflúen na esperanza de vida e son relevantes na elaboración dunha imaxe dinámica da mortalidade entre dous períodos de tempo.

Deste xeito, pode obterse un indicador das melloras no sistema sanitario, a partir da redución da mortalidade evitable por enfermidades sensíbeis ós cuidados médicos; pola contra, aumentos da incidencia do cancro de tráquea, bron-

quios ou pulmón indican algún problema de eficacia na prevención primaria.

A análise das causas de morte por grupos de idade deu lugar á introdución do concepto de **mortalidade innecesariamente prematura e sanitariamente evitable (MIPSE)**, considerando como tales aquelas para as que existen medidas preventivas ou curativas suficientes e eficaces, polo que a súa aparición en exceso constituiría un sinal de alarma da existencia dalgún tipo de deficiencia no sistema sanitario.

En Galicia, coa excepción de cancro de tráquea e pulmón e o de colo de útero, que aumentaron entre os períodos 1976-88 e 1989-92, e os accidentes por vehículos a motor e asma, que permaneceron estables, o resto das causas consideradas evitables diminuíron na nosa comunidade.

No **cadro 6.2.11.**, preséntase a contribución de cada enfermidade á ganancia

ou perda na esperanza de vida entre os dous períodos de tempo estudados.

Sinistralidade

Finalmente, no concernente á sinistralidade, hai que distinguir entre aquela causada por accidentes de tráfico e ós accidentes laborais. O **cadro 6.2.12.** reflicte que o número de accidentes de tráfico con vítimas en Galicia ata o mes de novembro de 1998 superaba, a diferenza do que acontece en España, a cifra de accidentes do ano anterior. O número de accidentes con vítimas ascendeu a 5.946 (o 6,98% do total dos accidentes en España) dos que 405 foron mortais, provocando un total de 546 finados.

Por provincias, a provincia de A Coruña foi a que sufriu o maior número de accidentes con 2.314, seguida de Pontevedra con 1.911 accidentes. As provincias de A Coruña e Lugo presentan no mes de novembro un número de accidentes superior ó experimentado ó longo de 1997, ó contrario do que sucede nas outras dúas provincias.

No caso dos **accidentes laborais con baixa**, estes aumentaron ó longo do ano 1998 un 11,3% para situarse nos 36.612 accidentes fronte ós 32.895 do ano anterior. Comparado co que acontece en España, en Galicia producíronse en 1998, ó igual que en 1997, o 4,86% dos accidentes laborais no conxunto do estado.

Por provincias, o **cadro 6.2.13.** amosa que en 1998 aumenta a concentración dos accidentes laborais nas provincias de Pontevedra e A Coruña, que acollen o 79,8% dos accidentes laborais de Galicia fronte ó 78,7% do ano anterior.

Do total de accidentes laborais con

baixa, un 2,5% (917 accidentes) foron graves ou mortais en 1998, porcentaxe inferior á do ano anterior, cando fora do 2,8% (931 accidentes).■

